

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE O QUE SE PRORROGA A VIXENCIA DO CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO.

En Vigo, a 26 de decembro de 2017


REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG nº 217, do 14 de novembro), e na súa calidade de Presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, con competencias para asinar este convenio segundo as funcións atribuídas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 24 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xuño, de administración local de Galicia.

As partes, recoñécense no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente documento, e para o efecto,

EXPOÑEN



Primeiro.- Que IGVS é o organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril encargado de executa-la política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, podendo, para o adecuado exercicio das súas competencias, segundo se establece no artigo 5 da antedita Lei e no artigo 12 do Decreto 288/1988, de 29 de setembro, do seu desenvolvemento, subscribir os correspondentes convenios con outros organismos e entidades, así como con empresas con participación pública maioritaria. A súa actividade urbanística, segundo se desprende do establecido no artigo 4.1 e) da súa Lei de creación, pode abranguer, tanto a promoción de solo e a renovación ou a remodelación urbana como a realización de obras de infraestruturas e de dotación de servizos.

Segundo.- Que o 3 de febreiro de 2005 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o concello de Vigo para a creación dun consorcio interadministrativo como ente organizativo con personalidade xurídica propia. Como consecuencia deste convenio creouse o "Conorcio Casco Vello de Vigo".

O Consello de Administración do Consorcio do Casco Vello de Vigo, na súa sesión do 28 de novembro de 2006, acordou por unanimidade a separación do Consorcio da Zona Franca de Vigo, feito que se acordou pola Comisión liquidadora, nomeada para o efecto, na súa sesión do 17 de xullo de 2007.

O 1 de outubro de 2007 asinouse un convenio entre o IGVS, o Consorcio Casco Vello de Vigo e o Consorcio Zona Franca de Vigo mediante o que o IGVS modifica a súa participación no Consorcio do Casco Vello de Vigo. Con este convenio se modifica a participación no Consorcio Casco Vello de Vigo polo que o IGVS pasa a ocupar o lugar que deixa o Consorcio da Zona Franca de Vigo.

As achegas das entidades consorciadas quedaron do seguinte xeito:

IGVS.....27.000.000,00 €

Concello de Vigo.....3.000.000,00

Total30.000.000,00

Deste modo o Consorcio está participado nun 90% polo IGVS e nun 10% polo Concello de Vigo.

Terceiro.- O 7 de decembro de 2011 asinouse un convenio entre o IGVS e o Concello de Vigo mediante o que se modifica o artigo 4.3 dos Estatutos do Consorcio do Casco Vello de Vigo.

Cuarto.- O 16 de decembro de 2011 asinouse un convenio entre o Concello de Vigo e o IGVS en virtude do cal prorrogouse a vixencia do Consorcio do Casco Vello ata o 30 de xuño de 2012.

Quinto.- O 29 de xuño de 2012 asinouse un convenio entre o Concello de Vigo e o IGVS en virtude do cal prorrogouse a vixencia do Consorcio do Casco Vello ata o 30 de decembro de 2012.

Sexto.- O 17 de outubro de 2012 asinouse un convenio entre o Concello de Vigo e o IGVS en virtude do cal modificáronse os estatutos do Consorcio, prorrogándose a súa vixencia ata o 30 de decembro de 2017. O 27 de decembro de 2012 publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 246, a modificación dos estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo.

No artigo 6 dos Estatutos sinálase que o Consorcio manterase vixente ata o 30 de decembro de 2017 podéndose prorrogar a súa vixencia, dentro dos seis meses anteriores á data da súa disolución, por transcurso do prazo legal de existencia por convenio entre as partes. No dito convenio determinárase o período de prórroga e os efectos acordados para esta.

A vista do disposto no precepto citado e do feito de que o prazo establecido no mesmo está próximo a expirar, as partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeiro.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto prorrogar a vixencia do Consorcio Casco Vello de Vigo ata o 31 de decembro de 2021, de conformidade co previsto no artigo 49.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Segundo.- Réxime orzamentario

Para o financiamento das actividades do consorcio durante o período 2018 a 2021, as partes comprométense a realizar as seguintes achegas:

	2018	2019	2020	2021
IGVS	200.000,00€	200.000,00€	200.000,00€	200.000,00€
Concello de Vigo	22.222,22€	22.222,22€	22.222,22€	22.222,22€

Terceiro.- Réxime Xurídico

O presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de Contratos das Administracións Públicas, conforme ó disposto no artigo 4.1.d) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da Lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se poideran presentar.

As partes asinantes acordan o sometemento á xurisdición contencioso-administrativa para resolver as discrepancias que puidesen xurdir en aplicación do presente convenio.

Cuarto.- Causas de Resolución

Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se leve a termo o obxecto do mesmo, agás causa debidamente xustificada.
- O mutuo acordo das partes.

Quinto.- Protección de datos

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentemento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente Convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, e na súa normativa de desenvolvemento.

En proba de conformidade, asíñase o presente convenio, en triplicado exemplar, no lugar e data citados supra.

Polo IGVS



Ethel María Vázquez Mourelle

Polo CONCELLO DE VIGO

Abel Ramón Caballero Álvarez

